



ANUNCIO

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2020-0862, con data de 07/04/2020, pola que resolveu suspender o acto de constitución do tribunal cualificador e a realización do 1.º exercicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para constituír unha bolsa de traballo de carácter temporal de ARQUITECTO/A, e na cal se establece o seguinte,

“RESOLUCIÓN

O alcalde ditou a resolución núm.: 2019-1481, con data de 27/05/2019, pola que aprobou as bases que rexerán a bolsa de traballo de carácter temporal de ARQUITECTO/A, mediante o sistema de *concurso-oposición libre* e pola que resolvía publicar un extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*.

O extracto da convocatoria publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm.: 190, do 03/10/2019.

O prazo de presentación de instancias de 15 días hábiles iniciouse o día 04/10/2019 e rematou o día 24/10/2019.

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2019-3280, con data de 14/11/2019, pola que aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo que se convocou para constituír unha bolsa de traballo de carácter temporal de ARQUITECTO/A.

A alcaldesa ditou a resolución núm.: 2019-3474, con data de 29/11/2019, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas, o tribunal cualificador e a data de realización do 1.º exercicio do antedito proceso selectivo.

Nesta resolución se establecía que a data de constitución do tribunal e de realización do 1.º exercicio da fase da oposición sería o día 07/05/2020.

Concello de Redondela

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 4MGSZQLLJ6DFNUEWA4ZGADA66 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, adoptou unha serie de medidas en relación coa limitación da mobilidade das persoas así como das actividades sociais e económicas do noso país, que contribuíron a conter o avance do COVID-19 e no que establecía que a súa duración era de 15 días naturais e que entraría en vigor no momento da súa publicación no *Boletín Oficial do Estado*.

O Concello de Redondela dentro do seu ámbito territorial e no marco das competencias que ten atribuídas adoptou medidas de organización co fin de colaborar na contención da expansión do COVID-19, ditando instrucións relativas ao peche ao público das instalacións municipais e a suspensión de todos os actos públicos cuxa organización dependese do Concello.

O Real Decreto 476/2020, do 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, estableceu que a prórroga esténdese ata as 00:00 horas do día 12/04/2020.

Dado que se prevé unha nova prórroga do estado de alarma e co obxectivo de protexer a saúde, a seguridade da cidadanía e coa finalidade de lograr o máximo illamento da poboación como medida preventiva para conter a progresión do COVID-19, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Suspende o acto de constitución do tribunal cualificador e a realización do 1.º exercicio da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para constituír unha bolsa de traballo de carácter temporal de ARQUITECTO/A previsto para o día 07/05/2020 ata a determinación dunha nova data.

Concello de Redondela

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 4MGSZQLLJ6DFNUEVW4ZGADA66 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



SEGUNDO: Publicar o anuncio desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na sede electrónica, na páxina web do Concello (www.redondela.gal) e no taboleiro de anuncios.

Redondela, 7 de abril de 2020.

A alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Redondela

C/ Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Cod. Validación: 4MGSZQLLJ6DFNJEWA4ZGADA66 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3